GAUDEAMUS

Magazine Socio Cultural

A voz sénior do Campus de Pontevedra

Edición 10ª

Febrero 2024

Relatos y Artículos

GES, Grupo de Escritores Sénior
Alumnos PUM Uvigo

ASAEXS

La linea editorial respeta todas las opiniones, aquí publicadas, que no tiene porque compartir necesariamente. Las opiniones y hechos consignados en cada artículo son de exclusiva responsabilidad de sus autores y autoras.

Seniors UVigo - Campus de Pontevedra
Equipo de Redactores.

Editorial
ASAEXS

Fundador
M.A.Yebra

Director del número
J.J. Meilán

Coordinación Edición
Concepción Mumary
Gloria Pérez Prieto
José L. Fernández
Juan J. Meilán

Fotografía
Equipo ASAEXS

Diseño & Maquetación
MS_Diseño
www.msilva.pro

Autores e autoras
Gonzalo González Lorenzo
Concepción Mumary
José V. Moure Rivera
Juan J. Meilán
Pepe Fernández López
Ángeles Guisán Seijas
Nita Rivas Fernández
Francisco Ramil Acebo
José M. Fernández Vázquez
Juan M. Prieto Gondell

SUMARIO

1. Pag 5. Editorial de las manos de Juan J. Meilán

2. Pag 6. In Memoriam de nuestro compañero Amancio Castro González

3. Pag 8. Entrevista a la vicerectora de nuestro Campus de Pontevedra

4. Pag 12. Un desconocido escudo en los restos de las murallas de las Torres Arzobispales de Pontevedra

5. Pag 15. Envellecemento saudable: vivir máis e mellor

6. Pag 18. A busca de Anne -Micro historia-

7. Pag 19. La segunda revolución, relato de la evolución de la especie humana

8. Pag 23. El jubilado, en qué utilizar el tiempo que acabas de encontrar al jubilarte



16. Pag 56.

9. Pag 26. Consecuencias -Micro relato-

10. Pag 28. A soidade do novo comenzo, un apasionante recorrido por la vida de María Casares

11. Pag 36. Recordos, vivencias sobre a desaparecida lagoa de Antela

12. Pag 40. Oficio perdido, palabra esquecida: Albeite

13. Pag 44. Por qué non se fala do PUM da Uvigo

14. Pag 46. II Xornadas Universitarias Senior de FEGAUS

15. Pag 50. Vai de viaxe… . Juan J. Meilan nos hace un interesante y ameno recorrido por tierras de la provincia de León

16. Pag 56. Resumen Jornadas XXI CAUMAS

17. Pag 60. Photo Gallery

El número 10 de la revista "**Gaudeamus**" que, compañero lector, tienes en tus manos marca el primer objetivo que el equipo de redacción se había fijado como un hito a alcanzar allá por el lejano curso 2015/16. La idea de la publicación surge ante la necesidad de fomentar la amistad y la unión entre los alumnos del curso intensivo del PUM, curso en el que se han inscrito 26 alumnos que habían desarrollado su vida laboral en los más variados quehaceres.

Miguel Ángel Yebra, cuya presencia perdura en nuestra mente y corazón, toma las riendas del proyecto con todo su vigor, ímpetu, sabiduría y buen hacer. En Junio/2016 se edita el primer boletín con tan solo 11 páginas de recorrido y colaboraciones de Xxiz, Gonzalo González, José V. Moure, etc. El Nº. 2 amplía los colaboradores sumándose al proyecto profesores como Ana Acuña o Xosé Carlos Carballido y se crean diversos campos que desarrollaran amenos apartados en números posteriores bajo título "Para quién guste de la pintura.." , "Vai de Viaxe…" o la composición de "Photo Gallery". Se escribe sobre toda clase de temas u opiniones, artículos sobre la naturaleza, gastronomía, botánica, historia, arte, entrevistas, aportaciones sobre el cuidado de la salud, etnográficos, etc. Así se fueron sucediendo nuevos números. Un acontecimiento importante, necesario y trascendental fue conseguir la colaboración de la imprenta de la Excma. Diputación de Pontevedra que a partir del número 6 de Enero/2019 nos lo imprime, así como, las siguientes ediciones, alguna de las cuales alcanzan las 100 páginas. ¡Cómo se ha desarrollado y crecido "**Gaudeamus**", A voz sénior do Campus de Pontevedra!. Todos los números se pueden releer y disfrutar en la página web de ASAEXS https://asaexsweb.wixsite.com/misitio

El número 10 que vas a leer contiene entre otras, una amena entrevista con Dª. Eva María Lantarón, Vicerrectora de nuestro Campus, una elaborada biografía sobre la actriz María Casares en el centenario de su nacimiento, recuerdo sobre las jornadas de Fegaus, historia de la laguna de Antela, recorrido por la provincia de León, recordamos un oficio perdido y, especialmente una evocación sobre nuestro entrañable compañero Amancio Castro. En su conjunto confiamos sea de amena y entretenida lectura.

Como colofón recuperamos el texto en la "Editorial" de nuestro Nº. 5 que nos legó la pluma de Miguel A. Yebra:

"levantarse cada mañana para dar servicio a tus deseos es algo extraordinario. No hay que buscar la felicidad más allá de las estrellas, pues esa felicidad, con frecuencia, la tenemos tan solo a 10 centímetros de nosotros… Incluso, a veces, en tan solo en una hoja en blanco… y es que ***¡un folio da para mucho****!. Y ahora, a leerlos y a disfrutarlos"*

AMANCIO CASTRO GONZÁLEZ. IN MEMORIAM

"Ten sentido despedir a quen marcha, élle preciso e mais é bo para quen fica. Tras a despedida o diálogo con quen marchou é doutro modo, mais é diálogo."

Suso de Toro

Tiven a sorte de compartir con Amancio, facendo bo xugo, a experiencia de alumnos da materia "técnicas de fotografía" do grao de Belas Artes, no pasado curso. Foron moitas horas de clase, de laboratorio, de tirar fotos pola cidade, de cafés e de falar de moitos asuntos, algúns destes momentos acompañados de Conchi. Non aprendín moito de fotografía quizais porque, ante a primeira dificultade, acudía a el que como bo mestre e amigo resolvía a cuestión. Mirade como era a súa xenerosidade que até a cámara dixital e accesorios que precisaba ma emprestou e, por certo, cando intentaba devolverlla; dicíame "aínda imos saír a fotografar". Antes de rematar esta materia, participamos en Pontenciencia para a que preparou unha ampla e didáctica exposición sobre a historia da fotografía. Gustaríame facerlle un bo retrato mais penso que o mellor retrato é o que, todos e todas, temos del no noso maxín.

A súa magnanimidade era total, ante calquera iniciativa á que se lle pedía colaborar sempre tiña unha resposta: contade comigo. Así é como foi membro da xunta directiva de Vaipolorío e da Asociación Andaríns do Val do Lérez, membro activo da Asociación Micolóxica Brincabois e da Asociación Pedagóxica Ollo de Sapo. Participou en diferentes foros fotográficos de natureza e foi autor de varias publicacións didácticas no eido das ciencias ambientais e o patrimonio vexetal pontevedrés e galego.

Os compañeiros e compañeiras do Programa Universitario de Maiores tivemos a sorte de telo de profesor, de gozar do seu saber e dispoñibilidade. A sorte de compartir aulas como un alumno máis coa humildade e empatía propia dunha persoa fóra do común. Tiña a capacidade de transmitir ilusión e entusiasmo cada vez que nos xuntabamos con el: era unha riqueza escoitalo.

Amancio está con nós, os que compartimos con el as herbas de San Xoán, os roteiros polo Gafos e por Cortegada, os que aprendemos del a nomear flores, arbustos, árbores e as herbas máis humildes, coma era el, que sendo en realidade grande en sabedoría, serenidade e amizade era o máis humilde. Por isto, por ser así, auténtico, está sempre con nós.

E está con nós, non só coa súa pegada; está con nós porque temos preto a Conchi, a súa compañeira perfecta. Quen mellor que ela para telo entre nós!

Hoxe constato que Amancio Castro González amaba a natureza e ensinaba a amala.

Moito teño que agradecer.

José María Fernández Vázquez

RÍO GAFOS

ENTREVISTA A LA VICERRECTORA DE NUESTRO CAMPUS DE PONTEVEDRA

Eva Mª Lantarón contesta a las preguntas que le ha formulado el equipo de ASAEXS.

Eva María Lantarón Caeiro é dip¡lomada en Fisioterapia pola Universidad de Vigo (1998) e doutora pola Universidad de Málaga (2010). É especialista en Fisioterapia Respiratoria pola Universidade da Coruña e en Drenaxe Linfático Manual pola Université Libre de Bruxelles. Realizou unha estadía de docencia e de investigación cunha bolsa da AECI na Universidade Federal do Río Grande del Norte (Natal-Brasil) e dúas no Hospital Clínico Universitario de Valencia (España).

Profesora da Universidade de Vigo desde abril de 1999, imparte docencia nas materias de fisioterapia respiratoria e masoterapia especial e valoración en fisioterapia, entre outras. Tamén imparte cursos de formación continuada especializada.

En relación á súa actividade investigadora, é membro do Grupo FS1-Fisioterapia. A súa produción científica abarca a coautoría de máis de 40 artigos científicos

Desde decembro de 2020 preside a Conferencia nacional de decanos e decanas de facultades de fisioterapia.

*Moitas grazas Vicerreitora, por atender a nosa solicitude. Nesta revista de Gaudeamus, editada por **ASAEXS**, publicamos traballos e inquedanzas das nosas asociadas e asociados, e parécenos relevante poder publicar unha entrevista coa máxima autoridade académica do noso campus.*

¿Está a Universidade de Vigo, implicada na promoción e inclusión das persoas maiores nesta aprendizaxe durante toda a vida?

A Uvigo está moi implicada nas actividades propias da aprendizaxe ao longo da vida. Tal e como se indica na normativa, a través do PUM a Uvigo ofrece aos maiores os seus coñecementos, a súa capacidade de formación e os seus recursos humanos e materiais. Cremos que con estas constribucións se atenden os obxectivos de mellorar a calidade de vida das persoas ao achegar coñecementos e experiencias propias da vida universitaria para, desta maneira, fomentar a súa participación na sociedade.

Por tanto, nunha sociedade cambiante, o PUM da Uvigo está implicado en formar os nosos maiores como cidadáns e cidadás autónomas capaces de autoxestionarse na sociedade actual e que, desta maneira, poidan seguir mantendo un proxecto vital.

¿Desde a súa experiencia como docente e investigadora, que recomenda para impulsar os PUM, e para que a oferta sexa máis visible e accesible ao maior número de persoas maiores?

Máis que recomendacións como docente e investigadora, o cargo de Vicerreitora dáme unha visión do PUM como parte implicada. De maneira que dende a Vicerreitoría se atenden as peticións de colaboración e as suxestións

que chegan, por exemplo, dende a coordinación do PUM. Neste sentido, ademais de participar nas xornadas de benvida, a indicación de que o boca a boca é o que mellor funciona para espallar o PUM, levounos a considerar un bo momento para a súa difusión a actuación da Aula de Música Tradicional polas rúas de Pontevedra. Este evento, por exemplo, permitiu a entrega personalizada de folletos do PUM e a súa maior visibilidade. Esta parece ser unha liña pola que continuar.

¿Sabemos que a Universidade de Santiago ten abertos centros nos que se imparte o PUM en Vilagarcía e en Ribeira. Ten a Universidade de Vigo algún proxecto para levar a oferta de coñecemento máis aló do campus?

É necesario explicar que os centros citados de Vilagarcía e Ribeira, como ben sabedes, teñen unha oferta limitada a 6 materias e a 2 cursos (tres materias en 1º curso e tres materias en 2º curso nunha vila e dúas en 1º curso e catro en 2º curso na outra vila). Fronte a esa oferta limitada, no campus de Pontevedra hai unha ampla oferta de 42 materias nos catro cursos do ciclo intensivo e de 47 no ciclo integrado.

Por tanto, cómpre coñecer ben o contexto de cada universidade e de cada campus cos seus respectivos recursos. Máis alá de comparacións, a Uvigo está moi comprometida co Proxecto de Democratización, proxecto que favorece a democratización do coñecemento e difunde o coñecemento científico e artístico en concellos de diferentes comarcas da provincia de Pontevedra: Covelo, Moaña, Lalín e Poio, e da provincia de Ourense: Allariz e Celanova. Este tipo de proxectos axudan a universalizar a cultura, pois esta debe chegar a todos os concellos (grandes e pequenos, interiores ou da costa).

¿Parécelle posible e factible que o alumnado sénior participe en proxectos de investigación?

É posible que o alumnado participe de maneira activa en proxectos de investigación propios. De feito xa ocorreu cando o estudantado sénior atendeu dous stands presentados en Pontenciencia ou participou nas actividades da Unidade de Cultura Científica da Uvigo (Embaixadores da Ciencia e Noite Galega das Persoas Investigadoras). Nestes casos, o estudantado do PUM converteuse en divulgador científico.

Por outra parte, tanto nas materias do ciclo intensivo como nas do ciclo integrado, o estudantado do PUM pode elaborar pequenos traballos que darian futuros artigos desta revista. Precisamente son as materias do nivel integrado as máis acaídas para profundar nun tema e ter un seguimento personalizado a través do/a docente.

De maneira pasiva, como mostra para recadar datos, sabemos de proxectos, teses e TFG que contan ou contarán coa opinión e participación do estudantado do PUM.

¿No curso 2022/23 o alumnado da Universidade de maiores de Alacante realizou un ERASMUS+ acolléndose á normativa europea de mobilidade para todo o colectivo de estudantes. Que posibilidade hai de que a UVigo poida ofertar este programa de mobilidade ao alumnado do PUM?

A Escola Aberta de Formación Permanente en colaboración coa Oficina de Proxectos Internacionais deseñou un plan de internacionalización do PUM e solicitou a acreditación de mobilidade ERASMUS+ para a educación de adultos en outubro de 2023. Agardamos que a principios de curso o SEPIE (Servizo Español de Internacionalización da Educación) nos dea resposta. A partir dese momento, se nolo conceden, poderían comezar a deseñar plans de mobilidade grupal para o alumnado do PUM.

¿Está previsto na UVigo, a través de convenios de colaboración con universidades galegas ou españolas que teñan Programas Universitarios de Maiores, ofrecer un programa de mobilidade e intercambio?

Pódese facer pero conseguir financiamento externo para viaxes e estadías é bastante complicado, non coñezo plans/programas para este tipo de actuacións. Poderanse realizar visitas e colaboracións como as que xa mantemos con Universidades galegas ou portuguesas, por exemplo.

¿Constatouse que a evolución do perfil do alumnado sénior, en xeral, variou nos últimos anos, cara a un estudante con maior formación académica e por tanto máis esixente na demanda de oferta educativa. Apréciase iso entre o alumnado do Campus de Pontevedra?

Eu diría que a universidade, neste caso a Uvigo, se adecúa a unha sociedade en continuo cambio e, por tanto, atende as necesidades que van xurdindo. Aquel estudantado que viviu o cambio de plans de estudo do PUM pode dar fe de como no campus de Pontevedra se foron introducindo un abano amplo e variado de materias nos diferentes campos de coñecemento que atende a esta sociedade cambiante. Recentemente, por exemplo, medrou a oferta de materias de linguas modernas en paralelo á posibilidade de implantación do programas de mobilidade no PUM.

No pasado mes de maio ASAEXS organizou en Pontevedra as II Xornadas de universitarios señorís de Galicia, co título " Os universitarios sénior na sociedade do século XXI. Contorna psicosocial para un envellecemento activo", nas que vostede deu a conferencia inaugural. ¿Qué lle parece e como valora este tipo de encontros?

Organizar xornadas como as celebradas o ano pasado en Pontevedra, axuda a fomentar un ambiente no que os estudantes se sintan empoderados para participar activamente na vida universitaria. Crean un sentido de comunidade e pertenza entre os estudantes e contribúen a fortalecer as relacións interpersoais e a crear lazos entre os estudantes da nosa Universidade e coas Universidades de Santiago e Coruña, polo que é algo positivo e moi enriquecedor.

Cabe destacar tamén o encontro organizado pola Concellería de Benestar Social do Concello de Pontevedra e no que o estudantado do PUM do campus de Pontevedra da Uvigo e leu o manifesto final.

Nestas participacións e organización de eventos vese o compromiso do noso alumnado.

¿A vicerreitoría do campus de Pontevedra mantén unha excelente conexión coa nosa asociación. Como valora a participación da asociación no desenvolvemento do PUM?

O asociacionismo no ámbito universitario xoga un papel esencial na creación dunha comunidade académica vibrante, na promoción da participación estudantil e no desenvolvemento integral do estudantado ao que tamén axudan membros da Asociación que neste intre non son parte do alumnado da nosa Universidade pero teñen esa experiencia e seguen con inquietudes e apoiando.

As asociacións estudantís poden desempeñar un papel importante na representación dos intereses dos e das estudantes ante a administración universitaria. Poden traballar para asegurar que as voces do estudantado sexan escoitadas en cuestións como políticas académicas, instalacións e outros aspectos que afectan á comunidade estudantil.

Tamén poden estar implicadas en causas sociais e culturais, actuando como defensoras de cuestións importantes que afectan á sociedade en xeral. Iso pode contribuír ao desenvolvemento dunha conciencia social entre o estudantado.

En resumo, creo que o asociacionismo no ámbito universitario xoga un papel esencial na creación dunha comunidade académica vibrante, na promoción da participación estudantil e no desenvolvemento integral dos e das estudantes.

Quero aproveitar esta pregunta para facer mención a perda no ano 2023 de dous estudantes do PUM e á vez asociados que supuxeron unha gran perda polo seu nivel de implicación nas actividades do PUM e súa implicación coa nosa Universidade. Todo meu cariño e o meu máis sentido pésame ás familias e compañeiros de Miguel Yebra e Amancio Castro.

¿Dos seus proxectos e retos que asume como vicerreitora cal lle fai máis ilusión e lle gustaría ver realizado?

Neste intre a integración completa da Facultade de Enfermería na Universidade de Vigo creo que é un dos proxectos o actuacións que ten nosa Universidade que máis ilusión me fai ver cumprido. Esperemos que sexa para o curso que vén, cando comece o alumnado de primeiro a ser "100% Uvigo", e así poida ter máis integrado ese sentido de pertenza á nosa Universidade.

Moitas grazas pola súa atención. En ASAEXS estamos moi compracidos pola súa

amabilidade e colaboración coa nosa asociación e por contestar a estas preguntas.

Quedamos á súa disposición.

UN DESCONOCIDO ESCUDO EN LOS RESTOS DE LAS MURALLAS DE LAS TORRES ARZOBISPALES DE PONTEVEDRA.

En las torres arzobispales de Pontevedra existieron varios escudos de distintos arzobispos, algunos de ellos desaparecidos y otros en un lamentable estado de conservación que hace muy difícil su descripción. Pongamos dos ejemplos:

Escudo mal conservado en el que se aprecian dos veneras.

Escudo en mal estado de conservación y sin la parte superior.

Nos referiremos ahora a otro escudo, situado también la parte superior de las murallas, que puede verse sobre un merlón[1], formando parte de la almena. Está timbrado con una cruz arzobispal y podría ser atribuido, según nuestra modesta opinión, a D. Antonio de Monroy[2], arzobispo de Santiago de Compostela.

Restos de la muralla de las Torres Arzobispales (vista desde la calle del Arzobispo Malvar).

Escudo referencial.

Está dividido en dos partes: la superior, de forma triangular, en la que campea una cruz arzobispal. La inferior, dividida a su vez en dos, diestra y siniestra: en la diestra, una barra engolada en dragantes, flanqueada por dos piezas de siete roeles a cada lado; en la siniestra, un lobo pasante y una estrella.

Puede establecerse un paralelismo entre este escudo de la muralla de Pontevedra y el de D. Antonio de Monroy, situado en el antiguo convento de Santo Domingo de Bonaval (hoy Museo do Pobo Galego). Este último tiene cuatro cuarteles y dos de ellos, el primero y el cuarto, son iguales a los del escudo de la muralla de las torres arzobispales de Pontevedra.

Escudo de D. Antonio de Monroy en Santiago.

Primer cuartel en el escudo D. Antonio de Monroy en Santo Domingo de Bonaval.

Cuartel inferior diestro en el escudo de las murallas arzobispales de Pontevedra.

Cuartel inferior siniestro en el escudo de Pontevedra.

Cuartel número cuatro en el escudo de D. Antonio de Monroy en Santo Domingo de Bonaval.

Otra semejanza es la presencia de la cruz episcopal en la parte superior de ambos escudos, que simboliza la categoría del personaje:

Cruz episcopal en el escudo de D. Antonio de Monroy en Santo Domingo de Bonaval.

Torres arzobispales de Pontevedra.

Estas torres defensivas, que cumplían, además, la función de residencia temporal de los arzobispos durante sus visitas a la ciudad, habían quedado semiderruidas durante las guerras de los siglos XV y XVI y fueron parcialmente restauradas por el arzobispo Juan de Sanclemente. Más tarde el arzobispo Monroy, gran mecenas de las obras de la iglesia, mantuvo la funcionalidad de la residencia arzobispal. A principios del siglo XVIII sirvió de residencia temporal a las "rebeldes" monjas clarisas que, luchando por su independencia, habían recurrido a la exclaustración:

Las clarisas estaban sujetas a la jurisdicción religiosa y administrativa de los franciscanos, lo que, deseosas de autonomía, les indujo a tomar una drástica decisión: dieciocho de ellas, con el consentimiento general del cenobio, abandonaron la exclaustración, violando así el voto de clausura, para presentarse ante el arzobispo D. Antonio de Monroy y exponerle sus reivindicaciones de autogobierno. El arzobispo canalizó la petición a Roma, en donde se les concedieron parcialmente sus deseos. Se les concedió autonomía, pero no fue absoluta, ya que el papa Clemente XI entregó la jurisdicción sobre Santa Clara a la curia compostelana, con la condición de que ellas no podrían reingresar en el convento hasta que se solucionase la infracción de su renuncia temporal de la clausura. Mientras tanto, el arzobispo les permitió asentarse en la residencia de las torres arzobispales.



[1] *Merlón:*
Según la RAE: cada uno de los trozos de parapeto que hay entre cañonera y cañonera.
(Del latín merlone "*saetera de la muralla*").

[2] Biografía resumida de D. Antonio de Monroy, arzobispo de Santiago de Compostela desde 1685 a 1715.
Nacido en Santiago de Querétaro, México, en 1634; se unió a la orden dominicana en 1654 siendo el primer novohispano en alcanzar el generalato de su orden.
El 4 de junio de 1685 fue elegido arzobispo de Santiago de Compostela, cargo que ostentó durante treinta años, en veinte de los cuales padeció paraplejia de origen medular.
Al mecenazgo del arzobispo Monroy se debe uno de los capítulos más interesantes del barroco compostelano. Su buena relación con la corte española y su gran fortuna le facilitaron su obra.
A él se debe, entre otros mecenazgos, la restauración del convento de Santo Domingo de Bonaval (actualmente Museo do Pobo Galego) y la construcción de la capilla del Pilar en la catedral compostelana.

Gonzalo González Lorenzo

ENVELLECEMENTO SAUDABLE: VIVIR MÁIS E VIVIR MELLOR

Envejecer es como escalar una gran montaña:
mientras se sube las fuerzas disminuyen,
pero la mirada es más libre,
la vista más amplia y serena.

O aumento da esperanza de vida é unha constante en todo o planeta, a maior esperanza de vida é unha fonte de beneficios para a sociedade se se afronta dunha forma global.

Vivir máis tempo debería ser sinónimo de vivir mellor. E para que esa relación cúmprase, o envellecemento saudable é a clave.

Tan importante é este concepto que Nacións Unidas declarou que entre 2021 e 2030 o mundo debía centrarse na Década do Envellecemento Saudable, ata o punto de encargar á Organización Mundial da Saúde que liderase a súa posta en práctica. Un obxectivo no que é necesaria a implicación individual dos cidadáns e o esforzo colectivo de toda a sociedade e que se traduce en beneficios en ambos os niveis.

O envellecemento activo é un dos grandes retos desta década, polos seus beneficios para a sociedade.

O envellecemento débese afrontar, tanto a nivel social como particular. E, lonxe de converterse un custo económico para as sociedades, pode traducirse nunha oportunidade de desenvolvemento, non só para as persoas de idade avanzada, senón para a súa contorna.

Dous terzos das grandes obras da humanidade foron realizadas por persoas maiores de 60 anos.

Que é o envellecemento saudable?

O gran reto do envellecemento saudable consiste en "*desenvolver e manter a idades avanzadas a capacidades físicas e mentais da persoa que fai posible o benestar e da contorna no que vive, tanto na contorna física, social e político*", opinión da geriatra Ana Isabel Hormigo Sánchez.

Para un envellecemento saudable "*non existe ningunha medicación, cirurxía ou pastilla que axuden neste sentido*", recalca a xeriatra.

Trátase dun achegamento global e multidisciplinar onde a prevención e os hábitos saudables son a única vía de conseguir resultados positivos. O camiño pasa por manter unha actividade cognitiva e física, e, establecer uns hábitos nutricionais saudables.

Para conservar un bo nivel de saúde cognitiva-afectiva, débese de promocionar manter a mente activa e as relacións sociais.

"*O corpo engúrraseme, pero o meu cerebro está mellor que cando era novo*"

E, a nivel físico, é vital incluír o exercicio como unha rutina diaria, camiñar a diario é un gran avance, pero hai que incluír o exercicio como medida terapéutica ou médica.

A actividade física é a mellor ferramenta para Previr e atrasar as consecuencias do envellecemento Fomenta a saúde e o benestar.

No que respecta a alimentación, os bos hábitos nutricionais son dabondo coñecidos, porque a alimentación sa é a prevención saudable que nos expoñamos: unha dieta variada

Comer pouco de moito e moito de nada. Pouco prato e moito zapato (Hipócrates)

Actitude positiva ante a vida, o bo humor, a alegría rexuvenece a tristeza envellece.

Seguir tendo unha misión, formar parte dunha organización, participar en voluntariado.

O 72% dos maiores de 65 anos, coida dos seus netos: Avós canguros

Aproveitar ao máximo as oportunidades para ter un benestar físico, psíquico e social durante toda a vida

Un beneficio para toda a sociedade

É prioritario afrontar o avance da esperanza de vida desde o envellecemento saudable, hai que derrubar algúns estereotipos como que un aumento da poboación maior ten un custo económico para a sociedade, as persoas maiores xeran importantes beneficios económicos e sociais, especialmente cando están sas e activas.

A súa achega á forza de traballo formal e informal, tamén a súa contribución cos impostos, o consumo, as propiedades e o traballo voluntario.

O envellecemento saudable contribúe cun dos principais desexos e vontades das persoas maiores, é manterse independentes e non depender de terceiras persoas ou ser unha carga familiar, serve ademais para contrarrestar o avance da soidade non desexada, epidemia silenciosa das sociedades actuais, principalmente no mundo rural, así como loita contra o idadismo e a exclusión social.

Unha acción colectiva

Máis aló dos hábitos e as prevencións físicas e mentais que se poden desenvolver a nivel individual, hai que insistir na importancia da faceta social e o achegamento multidisciplinar que se debe esixir aos organismos internacionais, ao sector público e privado e aos gobernos.

José Luis Fernández

A BUSCA DE ANNE

Anne naceu en Londres en 1950. A súa nai era española, o seu pai italiano e os seus avós procedían de España, Francia, Italia e Alemaña.

Aínda que naceu, creceu, estudou e traballou no Reino Unido, nunca se sentiu completamente británica, xa que tiña un plus internacional. A súa identidade era europea.

Entón, cando gañou o referendo do Brexit, ela quedou decepcionada e sufriu un gran shock, preguntándose onde quería pasar os seus últimos días.

Viaxou na procura das súas orixes. Visitou as aldeas dos seus avós atopando moitas semellanzas entre os nativos da zona e os pais dos seus pais. Cando chegou a Galicia, onde nacera a nai da súa nai, María, non so atopou mulleres semellantes a ela, se non que ademais ocorreu algo máxico, xa que nas mulleres maiores daquel país recoñeceu á súa avoa, deixouse atrapar polo seu espírito, pola súa sombra, pola súa esencia. Estas mulleres tiñan a súa mesma mirada nostálxica e sabia , o seu mesmo corpo canso e resistente, o seu mesmo sorriso esperanzador e doce.

Soubo que as súas raíces estaban nesa terra verde de bosques e néboas, de brisa e mar, onde a choiva e a pedra ennobrecen a alma.

Ela era unha árbore frondosa, con múltiples flores e froitos, cun tronco robusto enraizado na terra da nai da súa nai.

E decidiu vivir e descansar para sempre en Galicia.

Angeles Guisán Seijas



LA SEGUNDA REVOLUCIÓN ...

Según nos expone J.N. Harari

"hace unos 14.000 mlls de años materia, energía, tiempo y espacio tuvieron su origen en lo que hoy conocemos como el big-bang. Así nos lo descubre la física.

Luego la energía y la materia comenzaron a unirse en estructuras complejas, llamadas átomos, que después se combinaron en moléculas. Esto nos lo enseña la química.

Hace tan solo hace unos 4.000 mlls de años determinadas moléculas se combinaron para formar estructuras particularmente grandes e intrincadas que llamamos organismos. A esto lo denominamos biología.

Estos organismos pertenecientes a la especie homo sapiens formaron estructuras todavía más complejas que hoy nombramos culturas. Todo su desarrollo posterior lo conocemos como historia".

Para el profesor Harari, la historia está conformada por tres grandes revoluciones:

a) la revolución cognitiva que surge hace unos 70.000 años.
b) la revolución agrícola que acelerará la historia desde hace unos 12.000 años.
c) la revolución científica que se puso en marcha hace unos 500 años.

Hace unos 10.000 años nuestros antepasados han dejado de ser nómadas (*cazadores-receptores*) y comenzaron a dedicar su tiempo y esfuerzo a manipular la vida de unas pocas especies de animales y plantas. Siembran semillas, riegan plantas, arrancan malas hierbas y conducen los carneros a los mejores pastos, tareas que entienden les proporcionaran más frutos, grano y carne. Comenzó la revolución agrícola.



Estas tareas agrícolas exigen tanto tiempo que los hombres se ven obligados a instalarse de forma permanente junto a sus campos de cultivo, lo que irá cambiando completamente su modo de vida. Ello, permite crear los primeros asentamientos estables. Cultivan y almacenan lo que luego van a consumir cuando más les convenga, creando asentamientos que con el tiempo se acabaran convirtiendo en pueblos y en prosperas ciudades.

6 mlls de años de evolución humana desde la transición de la búsqueda de alimentos hasta instaurar la agricultura y, todo lo que ello supuso para nosotros, sucedió en un abrir y cerrar de ojos. 12.000 años en la escala de la vida humana no es nada. De todas formas, el tránsito de una sociedad de cazadores-recolectores a una sociedad agrícola donde surgirán las ciudades y los estados fue un recorrido tan solo de unos 3.000 años.

Cultivar significa no tener que recorrer continuamente grandes áreas geográficas en post de manadas de herbívoros o en busca de frutos silvestres. Producir alimento in situ implica poder almacenarlo lo que supone permanecer siempre cerca de los almacenes, pasar de una vida nómada a otra sedentaria, crear asentamientos permanentes, que, con el tiempo, acabaran convirtiéndose en pueblos y en prosperas ciudades.

La innovación en las sociedades neolíticas se basaba en un cuerpo de conocimiento colectivo acumulado a lo largo de los siglos, sobre todo por mujeres, en una infinita serie de descubrimientos en apariencia humildes pero, en realidad, enormemente importantes.

El hombre modifica sus costumbres y el culto a los difuntos y los rituales funerarios se hacen más complejos e importantes.

En las etapas finales del Neolítico aparecen las primeras muestras de una nueva arquitectura monumental, construida con grandes bloques de piedras, que hoy denominamos megalitos, siendo sus principales prototipos los dólmenes, los menhires y los cromlechs.

En nuestra exposición nos centramos en la figura de los "dólmenes" como enterramientos colectivos realizados con grandes bloques de piedra. Con estas construcciones se produce un cambio en los rituales de inhumación. Ahora los muertos se entierran de forma colectiva, lo que parece ser un reflejo de un nuevo modelo de sociedad en la que va cobrando importancia el sentimiento de pertenencia a grupos sociales más amplios que la familia simple.

Distinguimos tres tipos de "dólmenes":

- Dólmenes simples. Abundan en Galicia, norte de Portugal.
- Dólmenes de sepulcro de corredor. Nos detendremos en Newgrange.
- Dólmenes de galerías cubiertas. No diferencian entre pasillo y cámara. Visitaremos el dolmen de Menga en Antequera.

Sin embargo antes de centrarnos en la exposición y desarrollo de esta clasificación, no debemos de olvidar el conjunto megalítico de Göbekli Tepe (Turquía), centro megalítico que se erigió en el valle de Urfa en el noveno milenio a.C. que es el referente primero y más importante de las primeras comunidades agrícolas.

Como ejemplo de dólmenes simples cabe destacar los restos arqueológicos que la cultura megalítica nos legó en Galicia aproximadamente desde el IV milenio al año 2000 a.C. Sus monumentos, de pequeño tamaño, ocupan casi la totalidad de nuestro territorio.

Reciben diversos nombres propios en Galicia como anta, arca, arqueta, pedra moura, etc. Suelen constar de dos partes bien diferenciadas: cámara sepulcral y corredor. Son de construcción simple aunque de factura sólida y pesada.

Los materiales hallados en nuestro territorio son muy pobres, consecuencia posiblemente de la rapiña sufrida siglos atrás. Cuchillos, puntas de lanza, cuentas de collar, piezas de cerámica, así como, algún resto humano con ofrendas funerarias como alimentos o útiles domésticos. Raras veces aparece alguna referencia que actúa como protectora de los muertos, materializándola en forma de ídolos o estelas de piedra.

El dolmen más representativo es el "Dolmen de Dombate", emplazado en la llanura de O Chan de Borneiro, Cabana, A Coruña. Se cataloga como una tumba colectiva de corredor y está considerado como la "catedral del megalitismo" en Galicia. Tiene unos 24 m de diámetro y 1,80 m de altura. Consiste en una cámara poligonal ancha, formada por siete ortostatos y un corredor de tres tramos. Las fosas en las que se sustentan estas grandes piedras alcanzan profundidades de 140 cm en la cámara y 70 cm en el corredor. Aquí se encontraron veinte pequeños ídolos y en los ortostatos de la cámara se conservan petroglifos. Todos cuentan con pinturas



Declarado Bien de Interés Cultural, está tutelado por un Centro Arqueológico, con entrada libre y gratuita para ser visitado.

Newgrange es el más importante complejo arqueológico de los tres yacimientos de "Bru na Bóinne" en Irlanda, túmulo de 80 m de diámetro y 13 m de altura en cuyo interior se halla una tumba de corredor.

Construido en el IV milenio a.C., permaneció perdido hasta el siglo XVII. Fue excavado y restaurado en la década de los 60 del siglo pasado.

Enorme montículo hecho de piedra tallada por el hombre. En su interior caminamos por un pasadizo de unos 18 m que nos lleva a la cámara funeraria cruciforme cuya bóveda se eleva hasta una altura de unos 6 m.

La cámara y su corredor está orientados astronómicamente: cada año en la mañana del solsticio de invierno, la luz del sol penetra a través del pasadizo e ilumina el suelo de la cámara durante 17 minutos. Durante el resto del año se realizan simulaciones lumínicas con electricidad para visualización de los turistas que visitan el monumento.

El monumento al día de hoy todavía encierra numerosos misterios que continúan representando un reto para los arqueólogos. Se hallaron en su día los restos de 5 individuos junto con sus ajuares funerarios.

La comunidad que construyó este monumento necesitó una amplia gama de recursos de apoyo: rodillos de madera, cuerdas, barcos para trasladar las piedras, etc. Se estima que las 200 mil Tm de roca que contiene se trasladaron desde lugares lejanos como las montañas Wicklow distantes en más de 110 kms. Su anillo exterior fue levantado un milenio después ya en la Edad de Bronce y la leyenda cuenta que en su interior se hicieron enterrar los legendarios reyes de Tara, lugar de coronación tradicional de los reyes de Irlanda.

El monumento fue abandonado durante los primeros años de la Edad de Hierro, al parecer tras la llegada de los pueblos celtas.

Desde el año 1983 forma parte de la lista de "Patrimonio de la Humanidad de la Unesco".

Según datos actualizados, el monumento es visitado por más de 250.000 turistas anuales.

Finalmente, como prototipo de dolmen de galería cubierta vistamos el Conjunto Arqueológico "Dólmenes de Antequera" en la provincia de Málaga.

Es un caso raro y muy especial pues en un mismo espacio se reúne un conjunto que comprende tres monumentos megalíticos: los dólmenes de Menga y Vieira y el tholos de El Romeral. En la actualidad están declarados "Bien de Interés Cultural". Sin duda, el lugar merece una visita.

Aconsejamos iniciar la visita en el Museo de Sitio, que nos permitirá conocer en mayor profundidad como los humanos hicieron posible estas construcciones megalíticas que todavía hoy después de cuatro milenios podemos admirar.

Dolmen de Menga. La galería construida por 12 piezas con técnica ortostática nos da paso a un segundo tramo de planta rectangular que, a modo de corredor, sirve de acceso a la cámara. Alcanza una altura de 3,5 m en la cabecera y una anchura máxima de 6 m al final de la cámara donde existe un pozo excavado en arenisca de 1,5 m de diámetro por 19,55 m de profundidad. La cubierta la integran cinco losas y el sepulcro se cubre con un túmulo de 50 m de diámetro, orientado hacia el norte de la salida del sol en el solsticio de verano. Utilizado de forma continuada como espacio sagrado o lugar funerario hasta e medievo, en la actualidad, el cementerio de la ciudad de Antequera se ubica a escasos metros, lo que manifiesta la pervivencia de su valor cultural a lo largo de casi seis milenios ininterrumpidamente como uso funerario del espacio.

Tholos de El Romeral. Se trata de un sepulcro tipo tholos con dos cámaras de planta circular. Su corredor es de paredes de mampostería y una cubierta adintelada que conserva 11 losas, con una longitud máxima de 26,30 m, una anchura media de 1,50 m y una altura media de 1,95 m. Al fondo se abre un vano que da acceso a un pequeño corredor que termina en una camarita. La longitud total conservada supera los 34 m y se cubre con un túmulo de 85 m de diámetro. Por su factura, la datación de El Romeral debe de corresponder a la Edad de Bronce.

La revolución agrícola fue el punto de inflexión, en el que los sapiens se desprendieron de su simbiosis íntima con la naturaleza y salieron corriendo hacia la codicia y la alienación.

"La producción de alimentos fue responsable del surgimiento de las ciudades, la escritura y la organización política centralizada, proporcionando el excedente calórico necesario para soportar grandes poblaciones y elitistas clases de administradores, guerreros y políticos". (El amanecer de todo. Editorial Ariel, pag 314)

Bibliografía.

•Sapiens, Yubal N. Harari. Editorial Debate.

•El amanecer de todo. D. Graeber y D. Wengrow. Editorial Ariel.

•Cuaderno de viajes propio.

Juan J. Meilan García

EL JUBILADO

A nadie se le escapa, que ser jubilado, no es más que una etapa o como clasificaba el psicólogo suizo Jean W. Fritz Piaget un "estadio" más de nuestra vida.

Los que peinamos canas, o como en mi caso, el poco pelo que nos queda, guardamos en nuestra retina, las imágenes de las viejas tabernas de pueblo, en las que los jubilados pasaban sus horas muertas, sentados en un taburete, ante una vieja mesa de madera.

Tocaban la cabeza con su boina negra. Vestían un descolorido traje de pana. La chaqueta abierta para dejar ver su chaleco de cuyo bolsillo colgaba la cadena que sujetaba el reloj. En la boca una consumida colilla apagada, para seguir sintiendo su sabor a tabaco. Obligando de este modo a mantener los labios cerrados, para evitar enseñar los dientes amarilleados por la nicotina que en ellos se asentaba.

Su cara surcada por las arrugas, que dejaban entrever la dura lucha de su vida laboral en el campo, la fábrica o el mar. Ocultaban tras unas gruesas lentes unos ojos que la mayoría de las veces plasmaban una melancólica tristeza.

Se escondían tras la jarra nacarada, que de cuando en cuando sujetaban con sus temblorosos dedos torcidos por la artrosis y azulados por las gotas de vino, que caían de las mismas, para llenar su blanca taza de porcelana, para después de haber saboreado un trago volverla a dejar en su lugar y retomar una vez más la sucia baraja de cartas, con las que jugar al "tute" o a la "brisca", con otros parroquianos en igual situación mientras contaban historias de su lejana juventud y a las que se unía a veces el propio tabernero.

Los fines de semana, también sus mujeres (más hacendosas en el hogar) tenían en la taberna su club social, donde jugaban al "parchís" o "la oca" En casa solía haber un hijo o una hija casados o solteros que ayudasen en las tareas del campo y del hogar.

La incorporación de la mujer al mundo laboral, trajo consigo unos cambios de tipo social y familiar, en esos cambios se vieron involucrados los jubilados, ya que pasaron a ser un punto de apoyo, para los hijos emancipados, sobre todo en el cuidado de los nietos o ayudando con su precaria pensión a que sus hijos, pudieran arrancar en la vida. Su vida pues, se vio condicionada por estas nuevas obligaciones de las cargas familiares.

Pero estos quehaceres extras en sí, no llegaron para paliar el hueco dejado, tras una intensa vida laboral. Cuanto más activa era ésta, más brusco resultaba el cambio en el momento de su jubilación. Pronto sus nuevos quehaceres se convirtieron en una rutina, en la que no tenía hueco la creatividad, por lo que en muchos casos, terminaba en depresión, que a veces ya comenzaba, al poco tiempo de dejar la vida activa.

Consciente de ello el Consejo de Europa, introdujo en la década de los 60, el concepto de la Educación Permanente, para Jóvenes y Adultos, con el fin de crear una nueva sociedad europea, para dar cabida a esta realidad en la edad adulta.

No quedó al margen la UNESCO y llevo a cabo Conferencias Internacionales, encaminados a la búsqueda de la implantación de derechos, sobre la Educación de Adultos.

Como la Conferencia de París en 1972, la de Nairobi en 1976 o la de Lisboa en 1997, donde se asentaron las bases de la Educación para las Personas Mayores.

La doctora portuguesa Rita Barros, en su libro Educação de Adultos, aborda los conceptos, procesos y marcos históricos, de este tema tan complejo.

La creación de las Consejerías de Bienestar Social, trato de llenar los huecos vacíos con sus programas de Educación, Deportes, Cultura y Viajes, pues sabido es, que una persona que disfruta de ocio, aleja o palia males en especial de tipo psíquico, pero también físico para hacer patente la frase del poeta romano Décimo Junio Juvenal quien a finales del siglo I escribía: *"mens sana in corpore sano"* (mente sana en un cuerpo cuidado)

Dentro del ámbito militar, esto ya fue abordado por el Gobierno de Estados Unidos, con la creación de la Hermandad de los Soldados Veteranos, su auge e importancia es tal, que hoy el Día del Veterano de las Fuerzas Armadas, (11 de noviembre festividad de San Martín) está considerado festivo nacional.

Otra forma de burlar la vejez, es la de tomar parte activa, en Asociaciones de Vecinos, Corales u otros estamentos, en los que mantener viva la mente.

Las ciudades, cada vez más, cuidan de llevar a cabo infraestructuras urbanistas, encaminadas a este bien social, como son pistas o rutas, donde puedan caminar tranquilos y hacer senderismo la gente mayor, estos caminos acondicionados para tal fin son conocidos popularmente como, "las rutas contra el colesterol", por los beneficios que para la salud física y psíquica conlleva esta práctica si se hace de forma regular.

Como otros Centros Universitarios, la Universidad de Vigo, no quiso quedarse al margen en este tema, y el 23 de junio de 2005, treinta y cinco alumnos mayores de 55 años, recibían como componentes de la primera promoción de graduados senior, sus correspondientes diplomas acreditativos propios.

Desde entonces con más o menos afluencia, se sucedieron distintas promociones, de aquellos, que bien por necesidades laborales, falta de oportunidad u otras causas, no tuvieron la oportunidad de formarse en una Universidad o de estudiar en ella materias , que les resultaban interesantes, re-tomándolas en la edad adulta, en facultades en las que tal vez, sus nietos estén también formándose, para empaparse del optimismo, la ilusión y las ganas de vivir, de los chicos y chicas que en ellas se están forjando el futuro, con los que en determinados momentos, también comparten las mismas aulas.

El interés mostrado por los alumnos senior en

aprender, se ve compensado con el mismo entusiasmo que ponen los profesores, para formarlos en otros campos y materias en los que por actividad laboral los alumnos mayores no estaban habituados.

Así vemos compartir las aulas del Plan Universitario de Mayores, a profesionales de distintos ámbitos: militares, empleados de banca, médicos, administrativos, con carreras o sin ella, todos contagiados con el mismo afán de superación, creando un vínculo social y de amistad que se extiende fuera de los muros de la propia universidad.

El abanico de materias y actividades es amplio, desde ejercicios de voz y respiración que se realizan en el Coro Universitario, a los beneficios físicos de la Marcha Nórdica o mentales en los cursos de Ajedrez. Desde conocimientos básicos de Psicología a culturales de Historia del Arte a los de desarrollo de la Creatividad Artística, a conocimientos tecnológicos de Informática. Desde la introducción en lenguas extranjeras como el Inglés, al de inmersión lingüística de nuestro Gallego. Así hasta un largo etc., de asignaturas y materias en los que descubrir un apasionante mundo cultural y sentirse como lo que eres, un alumno universitario

Aparte de las salidas culturales, visitas a museos, centros de interpretación, seminarios o jornadas universitarias con otras facultades o incluso fuera de nuestro país. Los cursos universitarios se dividen en intensivos, donde por norma general, toman parte solo los alumnos senior y los integrados, donde terminado el ciclo intensivo, tienes la oportunidad de compartir clase y materia con los alumnos jóvenes, pero también es posible matricularte una vez que hayas terminado, en asignaturas que por la circunstancia que fuere, no hayas podido realizar.

Como vemos el jubilado o el "abuelo" de hoy, dista y tiene unas oportunidades a su alcance, del que carecían nuestros propios "abuelos". Manteniendo la mente despejada, con los conocimientos adquiridos, la forma de vestir, de hablar y de relacionarte, no hace predecir la edad real que tienes. Si el cuerpo es sano a pesar de los achaques, que en determinados momentos puedas tener y si la mente se mantiene despejada, la gente de tu entorno, te verá de muy diferente manera al que te vería si por el contrario te encierras en ti mismo y solo estas pendiente de la edad que te indica el DNI.

Jubilados:

"El pasado quedó atrás, el futuro es impredecible, ¡Vivamos el presente!"

José Victorio Moure Rivera

CONSECUENCIAS

Vivo á beira dun regato e non é mala compañía. Agasállame con humidade nutritiva, con frescura, coa música das súas augas, diferente cada día e cóntame novas que escoita no seu curto percorrido.

Sabe da dureza das pedras, da vida de herbas e animaliños que o habitan; das conversas dos paxaros, tan alegres, tan políglotas; das conversas das persoas, crueis, solidarias, comprensivas...

Sabe da sede das vacas que ha de calmar cada día; da fortaleza dos cabalos, tan perfectos na súa fráxil anatomía...

Sabe do valor da amizade e comparte comigo os seus saberes, sedentaria forzosa, incapaz de deixar por min mesma este lugar.

Coñecémonos de vello.

Antes, era todo mais previsible.

Ambos sabiamos que a chuvia toldaría as súas augas, que o volvería escandaloso e ousado ata lograr que abandonase o seu cauce para debuxar novos mapas polos prados e carreiros; que se enfrontaría aos valados e acabaría confundindo os paos que arrastrase con algún barco á deriva.

Sabiamos que o frío lle xearía a pel, converténdoa en fronteira de si mesmo.

Que o sol do verán xogaría a pintar arcos da vella na transparencia da súa auga, e ás veces, gustáballe tanto a súa obra, que a absorbía polos raios ata deixar ao meu pobre amigo convertido nun fraco fío de prata.

Había poucos imprevistos.

Se acaso, algún veciño que estercaba as terras facía que tapasen o nariz as ras mais mexeriqueiras.

Pero agora...

A chuvia carrexa contaminación e morte, faino enfermar.

Gustaríalle perforar a terra, coarse por ela, desaparecer.

Non quere causar mal a ninguén: nin ás plantas que rega nin aos animais que acolle, nin sequera ás outras augas que o reciben.

Quen provoca tanta desfeita non sabe que o mal é para todos, polo tanto tamén para si mesmo?

El desexaría frear a corrente, non levar mais alá o veleno, non seguir prexudicando.

Non sabe que facer e pídeme axuda. Eu, lembro con saudade cando transformaba a súa auga en aromas e dozura e choro sobre el froitas agres, tan engurradas e podres que nin os vermes as queren e síntome incapaz de axudarlle, de axudarme. Enferma e contaminada, só son unha árbore froiteira...

Nita Rivas Fernández

Dale a tu
cuerpo
Ponte

MARIA CASARES. A SOIDADE DO NOVO COMEZO

A Fuxida de París:
Cando María Casares e Albert Camus se atopan a primeira volta xa facía cinco anos que os nacionais ocuparan Madrid (28 de marzo de 1939) e que París declarara a guerra a Alemaña (3 de setembro de 1939). Estes feitos pechaban as posibilidades de liberdade para boa parte de Europa. Toda a poboación se mudaba oficialmente en sediciosa e o pacifismo era entón sinónimo de deserción.

París parecía, ainda a finais do 39, un refuxio seguro fronte aos riscos de continuar nas áreas da Alemaña nazi, da España franquista, da Italia fascista etc. Ademais, Paris ofrecía liberdade sexual e liberdade creativa, e permitía aos creadores inspiración e recoñocemento, como mostraba o caso Picasso. Para moitos dos máis afamados personaxes europeos da cultura, París seguía sendo un centro de encontro e de creación irrepetible polas súas características.

París era o lugar idóneo para conocer o que se levaba e o que se representaba, era un importante mercado da arte e os seus teatros e cines estaban á última. Por iso, atopábamos nas súas rúas, entre outros, o pintor abstracto Vassily Kandinsky; o compositor Arnold Schönberg; os escritores Joseph Roth, Hannah Arendt e Walter Benjamin; Pau Casals, e para o que nos concerne, a xove María Casares, candidata a entrar no conservatorio de actores. Fora enviada alí no outono do 36 por seu pai dende Madrid, para que *"non interrompese o seu curriculo escolar"*. Mais o 14 de xuño de 1940 a Wehrmacht iba a entrar en París sin atopar resistencia.

María Casares chegara alí, con a ilusión de unha adolescente de catorce anos de que, mentras toda Europa asistía a extinción das libertades artísticas e intelectuais, París, sen dúbida, ía continuar refulxindo coma un faro na noite da cultura, como dicían no contorno familiar. Alén diso para Gloria Pérez de Casares supoñía unha liberación do acoso que propios e estraños practicaban sobre o seu importante marido.

María Casares recordará máis tarde que, cando chegou a París, todo era donxoanismo e aventura, e que sentiu o exilio moito mais tarde, decatándose de que, cando un está exiliado unha vez, estao para sempre.

Nas 130 páxinas do libro primeiro (*Sous la tutelle de Pluton*) das suas memorias, *Résidente privilegiée* (Rp), Mária Casares conta a súa infancia feliz na Coruña e en Madrid, moi próxima a xentes que eran doutra clase, e como a súa escapada a Paris era un mal menor para evitar a barbarie que deixaba.

Ora, os xogos terminaron os 18 anos, logo que o 22 de xuño de 1940 o Xeneral Pétin firma o armisticio, e entre as esixencias alemanas aceptadas por Vichy, estaba a óbriga de Francia de entregar a calquera súbdito do Reich que fose solicitado por Berlín (art. 19 de Armisticio).

O estatus dos Casares nese momento non podía equipararse a súbditos do Reich, como era o caso de Hannah Arendt, que constiue un exemplo paradigmático do que estaba pasando na Francia, berce das libertades, mais eran exiliados dun goberno amigo e en todo momento podían ser pasaxeiros dos trens da morte. Como veremos a fuxida de Hannah Arendt é paralela á de María Casares, ainda que noutra dirección.

Os *"étrangers non désirables"* sabían que tiñan que esconderse en pensións de mala morte ou fuxir de Francia, mais eran poucas os paises dispostos a aceptalos e escasos os visados concedidos por Vichy.

Ante o avance imparable das forzas do Terceiro Reich, a familia Casares foxe o 13 de xuño de 1940 no derradeiro tren que sae da estación de Austerlitz pouco antes da entrada dos alemáns en Paris. En *Résidente Privilegiée* (Rp), María Casares recordou a viaxe de trinta e nove horas, a chegada a Burdeos, o sinistro e vetusto hotel no que se acomodaron, o bombardeo aéreo da cidade, as xetións infructuosas para conseguiren visados que lles permitisen saír para América.

O pai Santiago Casares embarcou con Negrín no buque grego Elanis rumbo á Gran Bretaña, mentres María e a súa nai, Gloria Pérez, quedaron un mes entre Burdeos e Lacanau-sur-Mer, antes se decidiren finalmente á tornar para se esconderen en Paris, onde María decontado retoma a súa formación lingüística, académica e artística (Conservatorio de Actores, cursos privados de René Simón, clases de madame Bauer-Thérond). No 148 da rue Vaugiraud, María vivirá mais trinta anos.

No deixa de ser un presaxio de posteriores encontros que Camus tamén fuxiu en tren neses días a Burdeos, e na Aquitania morou antes de que escampase en Paris e poidese perderse no anonimato da gran cidade.

Daquela María Casares e Albert Camus non se tiñan encontrado, pois a súa relación, como se sabe, nace no teatro. A principios do 1939 María Casares presentouse ao exame de entrada no Conservatorio. Porén, non consegue entrar ate o ano 1941, despois de trabalhar arreo na casa da mestra Colonna na rúa Lauriston na que pasaba repetindo todo o tempo que podía despois das clases do instituto con moita ansia (156). Para poder interpretar o *Jeu de l´Amour et du Hasard* e a *l´Iphigénie de Racine* tinha que corrixir a sua maneira de presentarse en público e o seu francés: os profesores do Conservatorio achacábanlle que tinha demasiado acento foráneo, que estaba moi nervosa, que era moi nova, demasiado bárbara, demasiado estranxeira.

O teatro nacional francés, *la Comedie Française*, representaba co seu modelo interpretativo estilizado os clásicos, como Corneille, Racine, Molière, marcando unha altura difícil de atinxir para unha principiante. Tamén existían creadores mais populares, como Sacha Guitry e Marcel Pagnol, que facían nos anos trenta comedias populares do que se chamou *"théàtre de boulevard"*.

Jacques Copeau, na época en que María Casares aparece na escena, como director, reacciona contra este tipo de teatro, dándolle un enfoque máis teórico e poñendo o acento na supremacía do texto, o que abriu a chegada das pezas de Camus e Sartre.

María Casares conseguiu o bacharelato no curso 1939-1940. Con moita emoción e equilibrio de xuizo establece as diferenzas da escola deixada en Madrid (Instituto- Escuela), cando era a filla do Premier, e a escola atopada en Paris (lycée Victor-Duruy) onde ela era filha de ninguén. *"Nous avions perdu l´Espagne. J´étais devenue, comme mes parents, une réfugiée en France. Et il était décidé que je me consacrerais au théâtre"* (Rp).

A declaración oficial no 39 das grandes hostilidades supuxo a minoración das distancias coas suas experiencias que traía de Madrid, revelándoselle que o inimigo era o mesmo nos diversos contestos e que este feito faina mais próxima e mais receptiva de todos os do seu contorno actual.

"C´est à travers sa langue que j´ai commencé à

apprendre la France; c´est dans l´état de guerre que ce que je rejette ou que j´aime m´est parvenu dans son integrité" (Rp).

En octubre de 1942, coa traumática experiencia do exilio, Gloria Pérez Corrales conseguiu firmar o primeiro contrato da sua filla, que so tiña 19 anos e non era, pois, legalmente maior de idade. Asinouno co Théâtre de Mathurins, debutando María no rol protagonista da obra *Deirdre of the sorrows* do irlandés John Millington Synge.

Cando Santiago Casares voltou de Londres a París, en xullo de 1945, a sua Maria, *"la fille de tes pêchés"*, xa era unha actriz consagrada pola crítica e polo público, amais dunha profesional respetada no medio artístico (*Federigo* de René Laporte).

Nun daqueles veráns, despois, Gloria, Santiago e María aparecen xuntos nas landas marítimas de Camaret, na sua "Galicia de sustitución" (O Finisterre bretón), e María recorda o seu pai recitando poemas de Curros e de Valle-Inclán frente o océano.

A actriz participa nesas datas nas frecuentes galas en apoio dos exiliados republicanos. Cando tiña 23 anos, o 10 de xaneiro de 1946, finou a sua nai Gloria Pérez Corrales, vítima dun cancro galopante. Con ocasión deste evento, atopamos a Albert Camus consolando a orfa, mais os representantes gubernamentais da República estaban ausentes.

Nas suas memorias "*Résidente privilégié*" (Fayard 1980), confesa que a razón vital que a compeleu a dedicarse ao teatro foi "*la construction sans cesse recommencée d´un foyer, d´une famille, des racines réinventées, d´amitiés et d´amours renouvelées et tenues à la force du poignet*" (Rp 109).

Vexamos agora, de por outra parte, qué era de Hannah Arendt cando tiña 34 anos. Nacera no 1906 nunha familia xudía orixinaria de Königsberg, na Prusia oriental, e estaba refuxiada en París xa dende 1933, fuxindo do Berlín totalitario e deixada sen o abeiro do seu Heidegger. Foi acusada de ser parte da organización sionista que preparaba o congreso de Praga, estivo presa oito días no Cuartel Xeral da Policía de Berlín. Exiliouse en Paris, ocupándose do translado de adolescentes xudeos na Palestina. Entrou en relación con Raymond Aron, Bertolt Brech e Walter Benjamin, deu conferencias sobre o antisemitismo alemán, casou con Heinrich Blücher, militante comunista, e participou na defensa de Herschel Grynszpan, xoven xudeo polaco, que foi utilizado polos alemáns para xustificar a Noite dos Cristais, despois do asasinato dun conselleiro da Embaixada Alemá en Paris. O 5 de mayo de 1940, o governador militar de Paris fai internar os estranxeiros procedentes de Alemania e que ainda estaban

libres. Mentras que a Heinrich Benjamin e Walter Benjamin métenos no campo de Vernet (Ariège), ela foi levada o *Velodrome d´Hiver* e logo enviada o abarrotado campo de concentración femenino de Gurs (Pyrénées Atlantiques), con destino previsible aos campos do leste. Estes e outros campos que foron creados en setiembro do 39, polo goberno democrático de Daladier, para ocuparse dos miles de refuxiados que chegaran a Francia fuxindo da vitoria de Franco sirvíronlles

os alemáns, un ano despois, para a sua política de arrestos de xudeus, comunistas e masóns.

Inesperadamente, o 25 de xuño, o mesmo día que entrou en vigor o armisticio, crearon os americanos un Comité de Rescate de Emerxencia que tiña como misión a de salvar escritores e artistas preeminentes e trasladalos a EEUU, preferentemente a través do porto de Lisboa, Porto de Esperança 1940-1941, como aparece no filme-documentario *Hafen der Hoffnung*, de Chista Heinrich, realizado por Pavel Schnabel.

Para xestionar tal evacuación, chega o 14 de agosto de 1940 a Marsella, despois de cruzar Portugal e España, Varian Fry, periodista literario de trinta e dous anos licenciado por Harvard, cos nomes dunhas duascentas figuras culturais e tres mil dólares atados ás pernas.

Marsella sempre foi un cruce de camiños e culturas: porta de Africa en Europa e de fuxida cando se pode, conflitiva, caótica e tranquila ao mesmo tempo. É a cidade mais antigua de Francia polo seu orixen do Mediterráneo oriental e polas influencias romanas, toscanas e musulmanas *et pied-noir*. Foi fundada polos focenses do golfo de Esmirna 600 anos antes de Cristo e vive ancorada ao Vieux-Port e neste vrao do 1940 aparece mais aberta e con menos riscos que París.

Fry instalouse no Hotel Splendide, no barrio antigo, e empezou a enviarlles cartas aos refuxiados dos que dispoñía dunha dirección precisa. Isto provocou a chegada ao seu carón dunha morea de refuxiados, o que preocupou a Xendarmería Francesa e mais ainda o Consul Xeral Americano, Hugh S. Fullerton, que non aprobaba as suas actividades, logo que EEUU reconocese o goberno de Vichy e ainda non estaba en guerra con Alemaña. Os Casares, nai e filla, estaban mais protexidos polo anonimato de Paris.

Para poder xestionar a crecente demanda dos seus servicios, en octubre de 1940 Fry mudouse a un piso mais grande, no número 60 da rue de Grignan, e formalizou unha sociedade baixo o nome de *Centre Américain de Secours*.

Fry conseguiu a colaboración para a sua causa do xoven vicecónsul norteamericano Hiram Bingham IV, que lle proporcionaba visados e documentos de viaxe ás escondidas até que o seu xefe o mudou da sección de visados na primavera de 1941.

Fry foi expulsado de Francia en septembro de 1941, mais a sua laboura foi continuada por outros entre os que destacan Lena Fishman, xudia polaca que foi a sua secretaria, e Daniel Bénédicte, protestante francés de esquerdas.

Entre os xudeus alemáns que Fry logrou por a salvo a través de España atopábanse o Premio Nobel de Mediciña Otto Meyerhof, o psiquiatra Bruno Strauss e os escritores Lion Feuchtwanger, Hannah Arendt e Konrad Heiden, biógrafo de Hitler. Os músicos xudeus máis famosos que escaparon a través da organización de Fry foron Wanda Landowska, clavicembalista, e Heinz Jolles, pianista. Moitas destas persoas foron acompañadas a Lisboa persoalmente por Fry, malia que algúns non tiveron a mesma sorte. O 26 de setembro de 1940 Walter Benjamin suicídase nun hotel de Porbou.

María Casares pensaba no teatro en Francia e que de momento o seu futuro estaba ligado o da seu pai, refuxiado en Londres con Negrín, promovendo ainda o restablecemento da democracia no seu pais, e doutra beira María Casares revóltase contra os que queren identificala como xudea reafirmando a su identidade "celta" (Rp 165-166), o que non impide que retornada a París, axudase a algúns dos refuxiados xudeus que se interesaban polas rutas, sobre todo, galegas, na liña das irmáns Touza de Rivadavia, que quizais non conhecía, ou do neumólogo Eduardo Martínez Alonso, para achegárense a Lisboa, por terra ou por mar.

Eduardo Martínez Alonso traballou de médico no "*Hospital de Cuatro Camino*s" da Cruz Vermella durante a guerra, no tempo en que María Casares entrou a servir no *Oftálmico*, até que o seu pai decidiu que fose a Paris para non interromper os seus estudos. Eduardo Marínez Alonso pronto se converteu no médico oficial da embaixada británica en Madrid, que, co apoio de Churchil, na xefatura do goberno de Londres desde o 10 de maio do 1940, se converteu nun centro de coordinación en defensa dos refuxiados da guerra. Eduardo Martínez Alonso elaborou, co agregado naval Alan Hillgarth e cos axentes do M16, unha rede de de evasión que permitía atravesar os diferentes sectores pirenaicos, canalizando os fuxidos que viñan da Marsella de Fry por diversas pasaxes e, cabeiramente, propiciando que moitos deles utilizasen para o seu paso a Portugal o pazo do que era propietario, situado en Redondela, coñecido como A Portela, perto do barrio de pescadores e do porto.

Hannah Arendt, que deixamos en Gurs, aproveitando o caos que segue a implantación do armisticio, fuxe para Montauban onde atopa o seu marido Heinrich Bücher e os seus amigos Cohn-Bendit. Lee a Proust e empeza a formar oa proxecto dun libro sobre o imperialismo e

o antisemitismo que aparecerá publicado en Nova York en 1951 co título "*As Oríxenes do Totalitarismo*".

Hannah e Heinrich, co apoio de Günter Stern, o primeiro marido dela xa que xa chegara a Nova York, reciben os visados de Fry na rúa Grignan de Marsella, que lles permite partir para Lisboa. Non está documentada a ruta empregada para chegar de Marsella a Lisboa, pero parece probable seguiran o traxecto Barcelona-Madrid, mais o que se sabe é que deberon quedar tres meses agardando polos billetes do barco que os levaría a Nova York.

María Casares e os seus pais coñecía sin duda esta saida para fuxir do continente e incluso puido pensar que o encontro inesperado que tuvo nas Landes aquitanas cos tres xudeus (Nina, Miko e Max) posibilitáralle unha saída como a de Hannah Arendt, mais atravesar a ruta rumbo a Lisboa non era doado para os Casares, daquela era mais perigroso ser republicano que ser xudeo

Hannah Arentd voveu a París, a principios dos 50, onde visitou a parella Cohn-Bendit que a acolleron no verán de 1940 en Montauban, despois da fuxida de Gurs. Vai o Théâtre Hébertot para ver *Les Justes* de Camus, peza interpretada por María Casares. De tal actuación Hannah Arendt confirma que Camus é sen lugar a dúbida o mellor home de Francia do momento. Os demais intelectuais son como moito a penas soportábeis. Escorréntana o sectarismo e a cegueira ideolóxica de Jean Paul Sartre e de Alexandre Kojève.

Hannah Arendt gosta que Maria Casares consigua un compromiso dramático e tensionado na obra entre as nocións camusianas do absurdo e da revolta, que adelanta o dibuxo do terrorismo como banalidade do mal, pensamento desenvolto pola pensadora xudea.

O novo comezo:
María Casares atópase con Albert Camus por primeira vez na lectura do *Desir attrapé par la queue* de Picasso, que se celebrou na casa do matrimonio Leiris o 19 de marzo de 1944. No salón dos Leirís estaba o mellor da revolta do Paris ocupado: Albert Camus que dirixía a obra, Simone de Beauvoir e Jean-Paul Sartre, Pablo Picasso e Dora Maar, Jacques Lacan, Cécile Éluard, Jean Louis Barrault, Georges e Sylvia Bataille, Georges Braque, Henri Michaux, Claude Simón e María Casares, entre outros. Moitos deles estaban afiliados ao Partido Comunista francés ou seguidores heterodoxos do Surrealismo; ora María Casares e Albert Camus profesaban xa un certo anarquismo nietzschiano nas súas reflexións sobre o absurdo.

Cando Camus entra na vida de María Casares aquel xa levaba casado con Francine Faure (oranesa) mais de catro anos, porén nesa época Francine estaba en Arxel ensinando matemáticas e Albert inmobilizado no exágono, pois o 11 de novembro de 1942 os alemáns invaden a zona sur (le midi) e prohiben os pasaxes con o norte de África. Entón Camus que xa entrara da man de Pascal Pia na redacción de *Paris-Soir*, é nomeado en 1943 pola mesma persoa redactor xefe do xornal clandestino *Combat*, órgano dun importante movemento de resistencia que durará até xuño 1947. O seu nome de combate era *Beauchard*.

Neste ano 1943, dous anos despois de que Hannah Arendt poidese embarcarse para Nova York, Camus atopou a parella Sartre-Beauvoir no café Flore e, no inicio, Sartre e Beauvoir recoñécense como compañeiros de loita. A sua boa colaboración duraría até 1948 cando as posicións e os compromisos políticos diverxen. A última obra de Sartre que María Casares interpreta é *Le Diable et le Bon Dieu*, baixo a dirección de Louis Jouvet no teatro Antoine en 1951, ano no que Albert Camus publica *L´Homme Révolté*, no que acusa a esquerda de ser máis reaccionaria, cos seus dogmas dictatoriais, que a mesma dereita a que combate. O contorno de Camus-Casares necesita as revoltas de maio-xuño de 1968 para reivindicar a obra e as teses

camusianas, que tanto foron apreciadas por Hannah Arendt.

Hannah Arendt xamais gostou de Sartre que identifica entón o comunismo e a URSS co compromiso político do individuo con a Historia. A política para Camus e Casares non é individual, é colectiva, é un *inter-esse*, como di Hannah Arendt que enxerga en Sartre un motón de mentiras terriblemente enmarañadas. Nunca poderá explicar Sartre que non levantou nin o dedo maimiño pola resistencia: quedouse en Paris agachado e preparando o seu protagonismo en Saint-Germain-de-Pres para despois da guerra, fundando con Simone de Beauvoir a revista "*Les Temps Modernes*", na que integrou, no seu comité de redacción, a intelectuais da Liberación, como Maurice Merleau-Ponty e Raymon Aron. Sartre era *normalien*, graduado na elitista *École Normale Superieure*, onde foi recibido primeiro ex-aequo con Simone de Beauvoir na cátedra de filosofía; ora ben, Camus non tiña tal título, como lle reprochaban os correlexionarios da familia de Saint-Germain-de-Prés ou do Café Flore, mais ambos necesitaban para as súas obras *o empuxe tráxico de María Casares.*

Sartre deuse a coñecer polo denso ensaio *L´Etre et le Néant* no que prende de Heidegger a existencia auténtica, asociada á conciencia da morte, mais introducindo a problemática da liberdade xa nas suas primeiras obras de teatro: *Les Mouches* (1943), *Huis clos* (1944), *La Putain respectueuse* (1946), *Les Mains sales* (1948), *Le Diable et le Bon Dieu* (1951).

Huis clos é a peza mais importante e, nela, Sartre pon en escena tres mortos condenados eternamente a estaren xuntos e falaren entre eles. O primeiro é un revolucionario traidor ao que fusilaron. O segundo é unha dona soa que matou o seu fillo. A terceira personaxe é unha lesbiana que se suicidou con gas. Cada un deles examina e critica a vida dos outros dous. O inferno é a obriga de veren a súa vida xulgada polos outros sen poderen cambiala despois da morte. Sartre amosa que é na existencia onde emprendemos rutas e empregamos a nosa liberdade que nos comprometen sen podermos liberarnos da nosa responsabilidad. O inferno son os outros.

Para Vladimir Sankélévitch é unha pena que Sartre se teña ocupado máis dos progresos da súa carreira que de denunciar ou contrariar o ocupante, como fixo Camus, que se trasladou a Paris a finais de 1943 para unirse a Resistencia e dirixir clandestinamente "*Le Combat*", xornal de revolta como o seu nome indica; e que presentou tamén a sua primeira obra durante a ocupación ben que a primeira obra que escribiu, Calígula, foi estenada mais tarde, no 1945. Para Sartre a ocupación foi máis doce.

Como Camus conseguiu unha certa fama grazas a sua primeira peza narrativa, *L´étranger*, o éxito deste relato evidenciouno como nun "filósofo serio", e non como un simpático pícaro arxelino, como o grupo dos "*Temps modernes*" o tiña catalogado. No libro de memorias *(La force de l´age)*, Simone de Beauvoir di que, con ocasión do estreno da peza *"Les Mouches"* de Sartre en 1943, "un home xoven e moreno presentouse: Albert Camus, e Sartre, que viña de publicar unha crítica eloxiosa de *L´étranger*, considerou que Camus era boa xente".

O recen chegado de Camus permitíase xa meterse con Simone de Beauvoir polos traxes que portaba, criticar o existencialismo de Merleau-Ponty e competir con Sartre polos amoríos de Wanda e por posicións filosóficas. A filosofía do absurdo de Camus opoñíase á filosofía da continxencia de Sartre. Camus en contra de Sartre, poñia o absurdo ao principio mais esperaba non telo ao final. Camus repite de cotío que o teatro é a forma superior de literatura; entre outras cousas, porque o teatro é mais pasional e permítelle estar rodeado de mulleres. Para María Casares o polo teatro ousou centrarse, sen esquencer outras pasións carnais por outros, no amor a este home fiel á xustiza e á verdade.

María Casares di que naceu cando tiña 22 anos: *"Mon nom est Maria Casarès. Je suis née en novembre 1942 au théatre Mathurins. J´y ai été élevée sous la tutelle de Marcel Herrand et Jean Marchant…", "Ma patrie est le théatre…"* (Rp 344) Foi nese teatro onde entrou en contacto por segunda vez con Camus, con ocasión da estrea en xuño 1944 da primeira peza de Camus que despertou un certo interés no público próximo a resistencia: *Le Malentendu.* Lembramos que o seu primeiro encontro foi no salón do apartamento dos Leiris con ocasión da lectura da obra de Picasso *"Le Desir attrapée par la queue"* o 19 de marzo de 1944.

Na peza *Le Malentendu*, Camus explica como Xan volve á súa casa coa súa nova esposa despois de pasar moitos anos fóra. Súa nai e a súa irmá, Martha, dirixen un hostal onde drogan, rouban e matan os clientes. Por desgraza non recoñecen a Xan até que o teñen matado. A nai morre e Martha afógase. María Casares interpretou o rol de Martha, e esta converteuse nunha ocasión para que se iniciase unha curta aventura entre a interprete e o autor e que dese prova do seu

compromiso político arriscando a súa pel. En efecto as actrices non eran simples floreros, como proba a traxedia de Olga Kechelievich, interprete de Inès na obra de Sartre, dirixida por Camus, que foi arrestada en plena obra por a Xestapo.

Le Malentendu que foi considerada pesimista e crítica con a situación da época e da condición humana. Mais Camus non a cualificou de teatro da resistencia, senón que a enmarcou no seu *cycle de l´absurde.*

Nunha entrevista que concedeu o xornal madrileño *El Pais*, pouco antes da súa morte no 1966, María Casares dixo: *"Tudo é efímero. É por iso que gosto do teatro mais que do cine. Aquel é hic et nunc, e nel tudo acaba. Non se trata de un xogo mais de un durante. O teatro é a mellor representación da vida".*

A experiencia cinematográfica de María Casares, *l´étrangère*, nos anos cincuenta foi, enmporiso, moi grande combinando os rodaxes cinematográficos con a temporada teatral e as colaboracións radiofónicas, intentando superar as dificultades codiáns prácticas e económicas derivadas da enfermedade de seu pai e da sua condición de refuxiada:

- *Les enfants du paradis de Carné* (1943-1945): María Casares interpreta o papel de Nathalie, que suspira por Baptiste Deburau, interpretado por Jean-Louis Barrault (1943). Reivindicación do mundo francés en contraste con o mundo da ocupación.

- *Les dames du Bois de Boulogne* de Robert Bresson (1945): María Casares xoga o rol de Hélène

- *La Chartreuse de Parma* (1948): María Casares é a duquesa Gina de San Severina que fai o imposibel por salvar o seu sobriño Fabricio del Dongo.

- *Orphée* de Jean Cocteau (1950): María Casares fai de Princesa con Jean Marais, François Perier, Juliette Gréco.

- *Le testament d´Orphée* de Jean Cocteau (1960): María Casares a Princesa anti Eurícide.

O seu pai, Santiago Casares Quiroga, morreu no seu piso de Paris o 17 de febreiro de 1950. A súa perda foi moi pesarosa e grazas que Camus estaba a canto. *"L´irruption de Camus avait chassé de ma vie toute menace de vide ou de dispersión et l´avait resserrée en noyau compact et dur. Mais il n´arrivait pas seul el il me restait à découvrir, au-delà del´exaltation de la passion, le labeur patient de la création dont l´oeuvre serait la vie même".*

Maria Casares tiña 28 anos e coñecía os problemas de saude de Francine Faure e os coidados que o seu marido estaba obligado a prodigarlle, máis os feitos eran irreductibles, a situación irrevocable e as circonstancias irreversibles, polo que estaba diante *"á une sorte de fatalité que je mettais toute ma fierté a assumer, je débarquais sur des terrains inconnus où il me fallait réapprendre à avancer sur le fil tendu d´un amour dénudé de tout orgueil"* (Rp 326).

O 17 de febreiro de 1950 telefonouno a Cabris (Midi de la France) para dicirlle que si oía que a representación da su peza, *Les Justes*, que estaba en cartel no teatro Hébertot, fora interrumpida durante tres días, non debía estrañarse xa que morreu Santiago.

Albert Camus contestoulle de maneira feiticeira e tamén moi galega, *"une manière de s´entendre répondre oui sans avoir posé aucune question claire"*, con este lendario escrito: *"Ma tristesse vient de lui, que j´aimais et admirais à travers toi, mais je me dis aussi que ce long calvaire n´était pas la vie pour lui. C´etait un torturant effort pou vivre malgré tout, et ce n´est pas la même chose. Si triste, si affreuse qu´ait été sa vie, la patrie asservie, l´exil, la souffrance physique, je sais qu´elle n´a pas été vaine. Les deux ou trois fois où je l´ai vue j´ai compris qu´il était supérieur à ce qu´il avait souffert.*

Et j´ai compris aussi que tu étais sa vraie joie, sa fierté pérpetuelle. Je ne le plains pas tout à fait si je pleure avec toi, j´admire qu´il ait pu rester aussi lucide et fidèle au milieu de tant de désastres. Rien ne remplace celui qui vient de te quiter. Mais quelqu´un qui te

ressemble, qui te rend justice, qui peut toujours t´aider est là, malgré la distance" (Rp 327).

Este pésame e a proximidade da sua amiga Feli, compañeira de Juan Negrín, con quen seu pai compartira o exilio en Inglaterra, foron os únicos achegos que ela recoñece neses momentos e que lle procuraron non vomitar por enrriba de tantas condolencias falsas que recibía.

Seu pai merecía outra cousa, como ben vira Albert Camus, pois aguantou con dignidade até a fin na defensa de Madrid, sufriu as ameazas de intervención dos nazis na toma de Paris, exiliouse perto de Londres durante a ocupación para protexer a sua filla e a sua muller, e xa perdera toda esperanza de voltar as terras do seu Atlántico.

E xa en novembro do 37, as autoridades que controlaban A Coruña decretaron:

"El nombre de Santiago Casares Quiroga"será borrado de todos los Registros.- Siendo indigno de figurar en el Registro oficial de nacimientos que se lleva en el Juzgado municipal instituido "para seres humanos" y no para alimañas, el nombre de Santiago Casares Quiroga, someto a su consideración la procedencia de que se cursen las órdenes oportunas para que el folio "oprobioso"del Registro municipal de esta ciudad en que se halla inscrito su nacimiento, se haga desaparecer, y en este sentido espero me comunicará V.E. la prestación de este obligado homenaje a la España "una, grande y libre de Franco". En el acta del Colegio de Abogados y en cuantos libros figure el "nombre repugnante de Casares Quiroga, deberá procederse, asimismo, a borrarlo en forma que las generaciones futuras no encuentren más vestigio suyo que su "ficha antropométrica de foragido".- Dios guarde a V.E. muchos años.-

- La Coruña, 26 de noviembre de 1937. Segundo año triunfal.-

-El Gobernador civil, José María de Arellano.

Non é responsabilidade de María Casares que ela tampouco non retornase á Coruña. Esta era a súa traxedia persoal como o despeito de Antígona.

(continuará …)

Francisco Ramil Acebo. Licenciado en Derecho, ejerció como abogado en la ciudad de Pontevedra. Doctor en Teología por la Universidad Gregoriana de Roma y, miembro de la Junta Directiva del "Aula Castelao de Filosofía", entre otras.

Francisco Ramil Acebo

A LAGOA DE ANTELA , XINZO DE LIMIA

A SORPRESA

Despois dalgúns anos poñendo escola por diferentes lugares de Galicia, chega a nova tan esperada: xa teño un destino oficial, serio, dentro do sistema educativo nacional.

Era o curso 1975 –76 e o meu futuro profesional comezaría en Xinzo de Limia, na aula de *Educación Especial* (era a primeira vez que escoitaba esta expresión).

XINZO. Empezan as preguntas: onde se atopa exactamente, distancias, poboación, centros educativos, comunicacións... A información sobre a primeira pregunta aparece nun mapa e observo, con curiosidade, que se sitúa ao pé dunha gran lagoa, a de Antela. O resto dos datos quedan para outra historia.

Un domingo pola tarde o coche de liña de Autos González lévame dende Ourense ata Xinzo de Limia e, despois de máis de unha hora de viaxe, ábrese ente min unha ampla chaira pero non está a gran LAGOA DE ANTELA que eu imaxinaba que vería ao chegar ao meu destino.

Xa non existía, fora desecada 20 anos atrás aínda que os mapas non reflectían este feito. E no lugar que ocupara durante máis de 60 millóns de anos, agora podían verse leiras, granxas, extracción de area e outras instalacións industriais.

OS COÑECEMENTOS

Sen cuestionarme polos avatares que ocorreran por aquelas terras, nin as repercusións ecolóxicas (outro vocábulo que non se debatía neses momentos) pola desaparición da lagoa, dediqueime a aprender o meu oficio de mestre, a facer e desfrutar novas amizades e a integrarme no pobo. Había que vivir o Entroido e outros acontecementos sociais e, sobre todo, percorrer cada día o "Barrio de Abaixo", ocupado por multitude de tabernas que facían o papel de centros de negocios, clubs sociais, cenáculos culturais e coñecementos varios.

Co paso do tempo a Lagoa de Antela pasou a ser, para min, aquela paisaxe que vixiaban dúas torres de intrigante situación e de difícil explicación do seu cometido ou misión, como non fose a vixía e defensa da lagoa en épocas medievais.

A Torre de Pena, situada na aldea do mesmo nome, espertaba o meu interese pola presenza do Bruxo de Pena, curandeiro de moita sona e personaxe de poucas palabras. Nunca me contou nada interesante aínda que moito o intentei.

A poucos quilómetros da anterior, sitúase a Torre de Sandiás, pretiño desta aldea. Coma no caso da de Pena, o meu interese non estaba na construción nin no seu posible papel estratéxico ou bélico, eu prefería desfrutar do Novaíño e, sobre todo, das historias que relataba aquela velliña enloitada, sempre sentada no poio situado diante da súa casa. Era Carmen a Atracadora, Carmen de Dios, viúva e nai de fuxidos e asasinados na posguerra civil, e nai do coñecido fuxido e preso Camilo de Dios. Carmen si falaba e contaba historias (a súa historia) das tráxicas vivencias que marcaran a súa vida.

Como é de rigor, estas dúas torres estaban adornadas por lendas que falaban do seu enlace subterráneo, e non faltaban as obrigadas referencias a fadas, mouras e mouros, encantamentos e abundancia de tesouros.

A medida que me ía comunicando con veciños e pais de alumnos sorprendíame o "acento castelán" de moitos deles. A explicación deste fenómeno lingüístico tamén tiña relación coa lagoa. Para os traballos de construción das canles e obras de desecamento, viñeran para a Limia moitos obreiros, man de obra necesaria, transformadores dun territorio asolagado en cultivable. Procedían da limítrofe provincia de Zamora, tamén salmantinos e estremeños. Moitos deles asentáronse na zona exercendo de labregos e outros oficios, formando familias mixtas. E todos eles recibiron o mesmo xentilicio, *os zamoranos*, sen distinción de orixe.

O APROVEITAMENTO

As novas terras da lagoa desaugada presentaban unha perfecta distribución froito da concentración parcelaria, sucadas por amplas pistas que as percorrían horizontal e transversalmente.

Por elas corrín aventuras cos meus novos amigos, algunhas furtivas, como a caza de coellos e lebres.

O método de caza consistía en conducir un coche, nas noites escuras, cos faros alumando o camiño mentres o cazador furtivo disparaba desde a ventaíña lateral sobre unhas vítimas que se detiñan asombradas ante aquel feixe de luz.

E as ras? Eran un manxar ancestral moi relacionado coa Lagoa de Antela, hábitat idóneo que explicaba a abundancia deste anfibio. Aínda que desecada a lagoa, non desaparecera a pesca de ras para abastecer o mercado limiá.

A arte que empregaban era moi curiosa e primitiva. Dun pau ou dunha cana penduraba un cordel fino ou tanza e, na punta deste poñíase o cebo, unha pel embrollada ata o tamaño dunha *bolicha*; a pel procedía dunha ra cazada e esfolada previamente. De non haber pel de ra, usábase un trapo vermello envolto do mesmo xeito. A vítima metía o cebo na súa boca e só había que tirar dela moi amodiño.

Na actualidade, o uso abusivo de herbicidas e insecticidas acabou con este manxar tan apreciado na comarca e a súa pesca está en veda permanente.

AS LENDAS

Segundo ía coñecendo ós limiaos e á historia da Lagoa de Antela ían xurdindo as lendas relacionadas coa mesma, con encantamentos e cidades asolagadas, e co río Limia que fora o Lethes da mitoloxía romana e antes o Lete da grega.

Autores e investigadores como Murguía, Vicente Risco e, máis concretamente, Xesús Taboada Chivite no libro *Las Leyendas de la Laguna de Antela*, entre outros estudosos da mesma, reflectiron nos seus escritos algunhas destas lendas.

A lenda máis representada e con repercusión na vila dos habitantes da Limia é a que dá lugar á celebración, desde hai uns vinte anos, á Festa do Esquecemento. Rememora a chegada das lexións romanas, comandadas por Decimo Xuño Bruto, ás terras que acabará denominando Gallaecia.

No seu avance polo sur de Galicia e Norte de Portugal tópase co río Limia, coñecido como o río do esquecemento por mor de que apagaba os recordos da memoria de todo aquel que o atravesara.

Para non deter o avance da conquista, Xuño Bruto cruza a corrente do río e dende a súa marxe dereita vai chamando polo seu nome a cada un dos lexionarios, rompendo así o encantamento do Limia – Lethes.

Así mesmo, sitúase na Antela a cidade de Antioquía, que foi asolagada como castigo divino, ben por adorar os galos ou por non tratar como é debido ao seu fillo Xesús ... Aínda

se escoitan cantar os galos na Noiteboa e o son das campás da igrexa somerxida.

A aparición da abundancia de mosquitos, tan característica das zonas pantanosas, sería o exército do Rei Arturo que, rei e soldados, sufriran un encantamento na lagoa.

Tamén Dona Inés de Castro, natural da Limia e raíña póstuma de Portugal, pasea pola zona nas noites de néboa.

CONCLUSIÓNS

Aquel ecosistema que formaba a Lagoa de Antela, rico en flora e fauna, en historia, lendas e tradicións, en paisaxe..., xa non existía cando eu atravesaba , no coche de liña de Autos González, aquela ampla chaira camiño do meu futuro.

O que fun coñecendo xa foron enormes leiras parceladas que producían toneladas de cereais que se convertían en penso para abastecer de alimento ás granxas de vacas leiteiras, ás de galiñas de carne ou poñedoras de ovos; e extensas parcelas que producían millóns de quilos de patacas, da pataca da Limia denominación de orixe.

E vía as construcións dedicadas a almacéns e outras industrias derivadas que, polo que me contaban, substituíran ao estraperlo a través da raia seca fronteiriza con Portugal.

Abraiaba cando visitaba aqueles almacéns de animais, que eran ocupados por centos de vacas ou milleiros da galiñas. Granxas, moitas delas, rexentadas por compañeiros de profesión. Pronto souben a razón.

Os grandes impulsores destas explotacións eran Eulogio Franqueira e Vilas, mestres durante anos e que contactaran con algúns amigos, compañeiros de profesión, para que dirixiran as granxas que ían establecendo, espalladas pola antiga lagoa.

E no ámbito das miñas relacións non suscitaba controversias o axeitado daquelas explotacións. Os meus amigos máis achegados desfrutaban do auxe económico que se producira en Xinzo. Félix era construtor, Sito dedicábase á carpintería de aluminio, Gilberto o carniceiro, Sindo albanel, Rafa era banqueiro... e tamén Manolo *"o guarnicioneiro"*, artesán do coiro que facía albardas para bestas e burros. Todo é memoria.

E nesa memoria, que é a que enche de contido este relato, non aparece o concepto de ecocrítica que nomea a materia que se desenvolve nesta aula[1]. Nin , por suposto, pretende ser literatura.

Só son vivencias, é memoria.

[1] Refírese á materia Ecocrítica e literatura galega, impartida no nivel intensivo do PUM do campus de Pontevedra.

José Fernández López

OFICIO PERDIDO, PALABRA ESQUECIDA: ALBEITE

En agosto de 2023, coma todos os anos, Amancio e eu visitamos a exposición anual, que fai a Asociación Socio-cultural Cedofeita con temáticas moi variadas, interesantes, moi ben documentadas e sempre relacionadas coa parroquia de Lérez.

Este último ano a exposición non foi no Mosteiro de S. Benito, coma viña sendo habitualmente, senón que tivérona que instalar no local social que Cedofeita ten en Lérez.

O título: *"Exposición: Xente de oficio. Traballos e ocupacións tradicionais"*.

Todos os paneis trataban de oficios desaparecidos ou xa moi minoritarios. Había fotos de lavandeiras, costureiras, rosquilleiras, capadores... todas con textos explicativos sobre o traballo do que se trataba, ferramentas ou materiais necesarios...

Da maior parte destes oficios e traballos as persoas da miña xeración temos coñecemento e memoria porque eran moi comúns hai anos, pero no meu caso foi un total descubrimento o oficio de "albeite" do que nin a palabra me resultaba familiar. Leín todo o texto e souben alí mesmo que foi un oficio *"de moito prestixio ao longo da historia"* e que *"en 1500, os Reis Católicos estableceron un exame para poder exercer a profesión, cuxo auxe chegou ata finais do S.XVIII"*.

Máis tarde souben que a palabra albeite é un arabismo e que o oficio de albeite na Península Ibérica foi moi importante e valorado durante a Idade Media, dicíndose *"albéitar"* en castelán, palabra tamén bastante esquecida nesta lingua.

Por curiosidade preguntei a moitas persoas coñecidas se sabían o significado da palabra dando como pista que era un oficio moi necesario no rural, mais so unha de todas esas persoas tiña coñecemento de tal vocábulo e do traballo que esa xente realizaba.

Pero, a que se dedicaban os albeites??
Tal e como estaba escrito na explicación de Cedofeita, *"albeite era a persoa que, sen titulación académica, se dedicaba a curar doenzas animais"*.

No dicionario da RAG aparece a palabra *"albeite"* co significado na súa primeira acepción de *"persoa que cura as enfermidades do gando sen ter o título de veterinario"*.

"Albeitaría", conxunto de coñecementos e saberes que utiliza o albeite.

Ata ben entrado o S.XX en Galicia actuaron os albeites coma *"veterinarios sen título que exercían como tal sandando animais por medio da sabedoría natural"*. Seica na parroquia de Lérez traballaron dous albeites ata hai poucos anos.

LIBRO
DE ALBEITERIA
EN EL QVAL SE TRATA DEL
CABALLO, Y MVLO, FIVMENTO, Y DE SVS
miembros, y calidades, y de todas sus enfermedades, con las causas,
y señales, y remedios de cada vna dellas, y muchos secretos, y expe-
riencias para el remedio de cada vna de las dichas enfermedades, y
las calidades, y prouechos de muchas yeruas, tocantes,
y prouechosas para el vso de Al-
beyteria.
YVLTIMAMENTE SE PONEN MVCHAS, Y SVTILES
Questiones, y Preguntas con sus respuestas, vtilissimas para los
que se quisieren dar a la Teorica, y vn nueuo Arte de
herrar en Octaua.
VA REPARTIDO EN QVATRO LIBROS.
COMPVESTO POR FERNANDO CALVO, VEZINO, Y NATVRAL
DE LA CIVDAD DE PLASENCIA.
AL SEÑOR D. FRANCISCO RVIZ DE VERGARA ALAVA, CAVALLERO
CON LICENCIA.

"Albeite", en castelán *"albéitar"*, como palabra e oficio foi substituída por *"veterinario"* desde o ano 1792 cando se creou en Madrid a primeira Facultade de Veterinaria con estudos regrados sobre todo o relativo á atención, coidados, enfermidades e tratamentos sandadores dos animais, fundamentalmente dos cabalos de uso militar.

En setembro, lendo o libro Caín do escritor José Saramago, sorprendinme ao ver que nalgúns capítulos aparece utilizada a dita palabra con total normalidade (*por suposto en castelán, albéitar , xa que o texto non estaba en galego*). Na época na que transcorre a historia, tempos bíblicos, o oficio de albeite sería moi normal e necesario.

Páx. 121 *"...Salvouno desta indefinición identitaria un albeite do exército de Josué que quedara prendado do jumento de Caín..."*

Páx. 122 *"...home, Jericó é só o principio, o que se aproxima é unha longa guerra de conquistas na que os albeites non seremos menos necesarios ca os soldados." "O albeite fíxolle saber a quen correspondía que atopara un axudante a cambio da comida e foi así como Caín viuse integrado nos servizos de apoio aos exércitos de Josué, curando as mataduras dos burros baixo a esixente orientación do xefe..."*

Páx.129 *" O albeite tivo medo de que a furia de Caín o fixese pasar de repente da ameaza ao feito..." "A onde me levas, preguntou o albeite inquedo"*

Páx. 149 Caín busca traballo na casa de Job, e o delegado do intendente lle pregunta: *"Ti que sabes facer? El resposta "Entendo un pouco de burros: fun axudante de albeite no exército de Josué"*.

Non teño claro se a palabra albeite segue viva e en uso na lingua portuguesa. O dicionario portugués di ao respecto: alveitar; substantivo masculino

1. aquele que ferra cavalgaduras.

2. indivíduo que trata das doenças dos animais de maneira empírica, sem os necessários conhecimentos de veterinária.

André Filipe Oliveira da Silva nun escrito titulado *"Alveitares e alveitaría no Portugal Medieval"* di que *"o estudo da alveitaría medieval en Portugal tem sido feito sobretudo através dos manuscritos em galego-portugués relacionados com essa arte, que sobreviviram até hoje..."*

Hai na rede un libro moi interesante de Fulgencio Fernández Buendía titulado *"La albeitería en tiempos de Alfonso X el sabio y su entorno en la Murcia andalusí"* que da moitísima información sobre o tema e remite a documentos da época.

Alfonso X fala da albeitaría no seu libro *"Código de las siete partidas"*, onde queda oficializada a palabra proveniente do árabe como vocábulo castelán.



En *"journals openedition.org"* Mihai Enachescu escribe sobre "O reemplazo de arabismos por latinismos, en concreto do caso da palabra *"albeite"* e conta que unha vez perdido o poder político e cultural árabe na Península Ibérica, moitos arabismos caeron en desuso e foron cambiados por latinismos ou outros vocábulos considerados máis cultos, o que foi acontecendo entre os séculos XIII e XVI. Perdéronse moitos nomes de oficios que proviñan do árabe, como por exemplo, alfajeme que mudou en barbeiro ou alfayate que mudou en xastre, pero a palabra albeite mantívose moito máis no tempo xa que o latinismo veterinario non se incorporou con normalidade nas nosas linguas ata o S.XIX.

No Código das sete partidas, o Rei escribiu desde o punto de vista lexislativo, ditou ordes sobre a medicina equina, recoñeceu o oficio de albeite, as súas obrigas e castigos en caso de mala práctica etc.

Na súa publicación, Fulgencio Fernández presenta referencias a varios documentos da Baixa Idade Media nos que se acredita a existencia de albeites en España.

A albeitaría foi unha nova ciencia no S.XII única no mundo e so practicada con ese nome en España e Portugal. Os profesionais desa ciencia combinaban os oficios de ferrador e albeite.

José Manuel Gutiérrez García, do Centro da Història de la Ciència. Unitat dá Història de la Medicina. Facultat de Medicina, Universitat Autònoma de Barcelona, ten publicado un traballo no ano 2012 titulado: *"Ciencia y exclusión: el desplazamiento de los albéitares de la veterinaria a través de la prensa especializada en el cuidado animal (1835-1855)"*. É un traballo amplo e completo onde fala da problemática aparecida en España no S.XIX en canto á convivencia das dúas profesións para un mesmo traballo: curar as enfermidades dos animais.

Os albeites desde o S.XVI eran os únicos traballadores autorizados legalmente para exercer os coidados das enfermidades animais, a partir da metade do S.XIX, apareceu unha titulación universitaria teórica que formaba especialistas no coidado animal. Esta titulación universitaria superior, formaba graduados na Escola de Veterinaria de Madrid limitados ao campo militar e outra de rango algo inferior en dúas ou tres universidades de outras provincias de España.

En 1847 promulgouse un Real Decreto polo que se suprimía a concesión do título de albeite a partir de outubro dese mesmo ano, poñendo a Escola Central de Madrid como formadora de veterinarios de primeira clase e creando dúas novas institucións como escolas subalternas, unha en Córdoba e outra en Zaragoza e máis tarde unha terceira en León onde se graduarían veterinarios de segunda clase que so poderían exercer na curación de cabalos, bestas e asnos ademais de poder ferrar os animais e facer recoñecementos de sanidade. Os albeites



poderían acceder a ser veterinarios de segunda clase superando un exame que podían realizar en calquera desas tres escolas, pero disporían dun prazo de tempo limitado que remataba en outubro de 1850, mes no que definitivamente desaparecería en España un oficio recoñecido con titulación de albeite desde facía tres séculos e medio.

A pesar de todo, aínda sen titulación, os albeites seguiron traballando, xa que no mundo civil seguían a ser ben recoñecidos.

